

ORDENANZA FISCAL Número . 19

REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DO SOLO, SUBSOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA POR EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS QUE AFECTEN Á XENERALIDADE OU A UNHA PARTE IMPORTANTE DA VECIÑANZA.

Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a "Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo e voo da vía pública por empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza", a que se refire o artigo 20.3, en relación co 24.1, parágrafo terceiro, do propio Real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial, total ou parcial, do solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, en favor de empresas explotadoras, distribuidoras e comercializadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúa a subministración como se, non sendo titulares delas, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

Ésta Taxa é compatible con calquera outra que poida establecerse pola prestación de servizos ou realización de actividades no municipio das que deban ser suxeitos pasivos as empresas enumeradas no parágrafo anterior, quedando excluída, polo pago da Taxa regulada no punto un deste artigo, a exacción de outras Taxas derivadas da utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo o voo de vías públicas municipais, sempre que dita utilización privativa ou aproveitamento especial estea dirixido á instalación, mantemento e reparación das súas redes.

Considerarase que o servizo de subministración afecta á xeneralidade o a unha parte importante da veciñanza cando este poida ser ofertado ao conxunto ou a unha parte significativa da poboación do Concello de Oleiros, con independencia do maior ou menor grao de aceptación entre os consumidores, ou a maior ou menor facturación.

Artigo 3º: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e que realicen a actividade empresarial de explotación, distribución ou comercialización de servizos de subministración que afecten a xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, independentemente de que non tiveran pedido ou obtido a correspondente licenza, autorización ou concesión.

Artigo 4º: - RESPONSABLES



- 1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.
- 2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

No caso de utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública, en favor de empresas explotadoras de servizos de abastecemento que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, o importe da Taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste término municipal ditas Empresas.

A cuantía desta Taxa que poidera corresponder a Telefónica de España S.A., estará englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo (Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1988, de 28 de decembro).

Artigo 6º: NORMAS DE XESTIÓN

- 1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza.
- 2.- Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.
- 3.- A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte ao da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a Taxa.

Artigo 7º: DEVENGO

- 1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de inicio da actividade pola cal o suxeito pasivo comeza a obter ingresos derivados da mesma no termo municipal.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro do mes de cada ano.

2.- Con obxecto de que por esta administración municipal se proceda a practicar a liquidación correspondente, os suxeitos pasivos presentarán, dentro dos cincuenta primeiros días de cada ano natural, unha declaración da totalidade dos ingresos brutos obtidos no termo municipal de Oleiros durante o ano anterior, de acordo coa normativa reguladora de cada sector, co maior detalle posible, e que incluírá, a lo menos, os seguintes datos:

- Importe dos ingresos brutos procedentes da facturación aos consumidores finais, obtidos no termo municipal de Oleiros, con indicación do número de clientes facturados.
- Importe de cada unha das cantidades percibidas de terceiros por dereitos de acceso ou interconexión a redes propias, con indicación de todos e cada un dos suxeitos que satisfixeran cada unha das cantidades e o número de usuarios finais con que se corresponden en cada un dos casos.
- Importe de cada unha das cantidades satisfeitas a terceiros por dereitos de acceso ou interconexión ás súas redes, con indicación dos suxeitos aos que se lles satisfixeran cada unha das cantidades e o número de usuarios finais con que se corresponden en cada un dos casos. A efectos de xustificar a minoración de ingresos por este concepto.



- Importe dos servizos prestados aos consumidores necesarios para recepción da subministración, incluíndo os enlaces na rede, provisións de servizo, dereitos de acometida, posta en marcha, conservación, mantemento, modificación, conexión, desconexión, substitución ou instalación de contadores propiedade da empresa, etc. indicando así mesmo o número de servizos realizados en cada caso.
- Importe dos alugueres que pagan os consumidores polo uso dos contadores.
- Calquera outro importe facturado polos servizos prestados a terceiros resultantes da actividade da empresa no Concello de Oleiros, con indicación de estes.
- Importe da taxa a liquidar conforme ós datos anteriores.

3.- O pago da Taxa realizarase mediante ingreso na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou Entidade Colaboradora, mediante documento-carta de pago expedida polo Dpto. de Xestión Tributaria.

Artigo 8º: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Para a calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria, ás normas regulamentarias que a desenvolvan e ao establecido pola Ordenanza fiscal xeral do Concello de Oleiros.

DISPOSICIÓN FINAL.-Derogada

A presente Ordenanza entrará en vixencia o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partires do 1 de xaneiro de 1.999, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA:

Constatase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 3º e 4º e derogouse a disposición final, publicándose os textos dos artigos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2014 modificáronse o texto do título da ordenanza e dos artigos 1º, 2º, 3º, 7º e incorporouse un novo artigo artigo 8º, publicándose os seus textos no BOP nº 240 de data 16 de decembro do 2014.